



BASES II FEIRA DE OFICIOS ARTESÁNS DE SADA

1. Lugar e Data

Sada, do 11, 12 e 13 de Novembro.

2. Inscripción

Poderán participar na Feira todas aquelas persoas que realicen a solicitude en tempo e forma. Criterios de adxudicación dos postos:

Atenderase principalmente a:

- Calidade do produto
- Asociacións
- Artesáns
- Procedencia xeográfica.
- Orixinalidade do produto.

3. Prazo de presentación e documentación requirida.

O prazo para presentar as solicitudes será do 10 ata o 22 de outubro.

As solicitudes deberán enviarse ao mail oficiosartesansada@gmail.com co modelo de inscrición debidamente cumprimentado (Anexo I).

Toda solicitude deberá ir acompañada dunha fotografía do produto e o do posto así como a documentación que se detalla a continuación: Non serán aceptadas as solicitudes de revenda e segundamán.

- Para artesán:
- Fotocopia do D.N.I do solicitante
- Fotocopia do carta de artesán (no caso de posúelo)
- Fotografía do posto que vai traer
- Fotografía dos produtos que vai traer
- Volante de empadramento (só artesáns de Sada)
- Xustificante do pago do último recibo de autónomos
- Xustificante de pago do seguro de R.C. do posto.
- Para alimentación:
- Fotocopia do D.N.I do solicitante
- Autorización Sanitaria do funcionamento ou o equivalente que emita a súa comunidade autónoma.
- Carné manipulador de alimentos.
- Xustificante do pago do último recibo de autónomos ou de selo caso xustificante do pago da cotización a S.S no Sistema Especial para Traballadores por Cuenta Propia Agrarios
- Xustificante de pago do seguro de R.C. do posto.

4. Montaxe e Horarios

A montaxe levarase a cabo o 11 de Novembro de 9:00 horas a 15:00 h.

O horario de venda ao público o día 11 de novembro será as 17:00 h, sendo a inauguración ás 19:00h.

A inauguración oficial da Feira será o 13 de Novembro ás 19:30 h.

Os artesáns comprométense a cumprir co horario de apertura e peche sendo este de 11:00 h. a 22:00 h. ininterrompido.

A organización non se fai responsable do contido do posto no horario da feira.

Así mesmo cada expositor deberá posuir, como requisitos mínimos: unha alargadera eléctrica en bo estado para conectarse ao punto de luz máis cercano, protección contra sobrecargas e cortacircuitos e elementos necesarios para iluminar o posto.

5. Assignación de Espazos e Ubicacións da Feira

A asignación dos espazos corre a cargo da organización. Os postos serán distribuídos atendendo o establecido no punto 2 destas bases.

Os artesáns non poderán ocupar maior espazo do asignado pola organización cuestións loxísticas.

6. Aceptación de Solicitudes

A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto antes do 3 de novembro.

Unha vez notificada a súa participación os participantes deberán facelo ingreso da taxa no prazo de **tres días hábiles seguintes** ao recibo da notificación.

O num. De conta onde facelo pago e na entidade ABANCA ES24 2080 5161 87 3110005369 aparecendo como concepto participación na II Feira de oficios Artesáns de Sada e como ordenante os datos do solicitante.

A taxa polos tres días do evento é de oitenta euros (80€).

Aqueles artesáns que non o realicen o pago antes do fin de dito prazo quedarán automaticamente excluídos de participar no evento.

A renuncia ao posto, antes ou durante o evento, será motivo de perda total da aportación.

7. Servizos Facilitados

7.1.- Puntos de luz na Feira

7.2.- A organización disporá diversos contenedores de lixo no recinto.

7.3.- A organización non se responsabilizará dos roubos ou desperfectos que se poidan ocasionar.


7.4.- Seguridade nocturna.

7.5.- Obradoiros, concertos e actividades varias.

8.- A organización se reserva o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte ós requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases. Alegar, por tanto, descoñecemento ou ignorancia sobre calquera dos puntos aquí contidos non será argumento a ter en conta pola organización en caso de que se dea o incumprimento dalgún deles.-

Sada, 27 de Setembro de 2016.-



Asdo. - José Lois Suárez Becerra

Concelleiro delegado de Promoción Económica e Medio Ambiente.